

# FOLLA DE CONTROL DE IRREGULARIDADES ELECTORAIS

Acción troiana para a protección das liberdades políticas

ELECCIONS:

CIRCUNSCRIPCIÓN:

COLEXIO ELECTORAL:

MESA ELECTORAL:

## CONTROL 1. PROTECCION DO SEGREDO DO VOTO. CABINAS ELECTORAIS

**LOREG (Lei orgánica do réxime electoral xeral) 5/1985. Artigo 81** 1. Cada mesa debe contar cunha furna para cada unha das eleccións que deban realizarse e cunha cabina de votación. 2. Asemade debe dispor dun número dabondo de sobres e papeletas de cadansua candidatura, que se atoparán na cabina ou perto dela.

**LOREG 5/1985. Artigo 86.** 1. O voto é segredo. 2. (...) Os electores achegaranse á mesa dun en un, dempois de ter pasado, se o desexaren, pola cabina que se atopará na mesma habitación, nun lugar intermedio entre a porta e a mesa electoral. Dentro da cabina o votante poderá eleixir as papeletas electorais e introducilas nos correspondentes sobres.

**RD (Real Decreto) 605/1999 de regulación complementaría dos procesos electorais, Artigo 3. Cabinas** 1. Na mesma habitación na que se desenrole a votación e, en lugar intermedio entre a entrada e a mesa electoral, existirá alomenos unha cabina na que o votante poderá seleccionar as papeletas electorais e introducilas nos correspondentes sobres. No seu interior, nos casilleros dispostos ó caso, ou xunto da mesma nunha mesa disposta para elo, os electores terán ó seu dispor un número dabondo de sobres e papeletas de cadansua candidatura.

**RD 605/ 1999 de regulación complementaría dos procesos electorais, ANEXO 2.** Cabina electoral: A cabina electoral garantirá en todo intre a privacidade do elector no exercicio do seu dereito o sufraxio activo. A súa estrutura será metálica. A cabina ocupará, unha vez desmontada ou pregada, o menor espacio posible para o seu almacenamento. As medidas aproximadas da cabina serán as seguintes: 2 metros de altura por 1 metro de anchura por 1 metro de fondo. A cabina electoral conterá, necesariamente, os seguintes elementos: a) casillero metálico incrustado no interior da cabina que conteña, alomenos 36 casillas ( de 14 centímetros de altura por 10 centímetros de anchura, aproximadamente, cada casilla) para introducir as papeletas de votación. B) Repisa unida á estrutura da cabina a unha altura aproximada de 1 metro do chan. C) Unha base que proporcione suficiente estabilidade á cabina e que, ó mesmo tempo, permita un acceso doado á cabina. d) O deseño da cabina garantirá o segredo da votación do elector, para o cal contará con elementos tales coma cortinas ou similares.

- 1.1. ¿Existe unha cabina de votación para cada mesa electoral? Si  Non   
De non ser así, indicar a cantas mesas presta servizo cada cabina
- 1.2. ¿Está situada na mesma habitación na que se desenrola a votación, entre o acceso e a furna? Si  Non   
De non ser así, indica-la desviación no percorrido entre a cabina e a furna
- 1.3. ¿Accedese a ela con facilidade? Si  Non
- 1.4. ¿Dispón no seu interior de casilleiros incrustados dabondo para po-las papeletas e sobres electorais? Si  Non
- 1.5. ¿Dispon dunha repisa unida á súa estrutura? Si  Non
- 1.6. ¿Dispon de cortinas desplegadas ou outros medios dabondo de protección do segredo? Si  Non   
Indica-los outros medios de existir
- 1.7. ¿Dispon no seu interior dun número dabondo de papeletas de tódalas candidaturas e sobres electorais? Si  Non   
De non ser así, indica-la distancia a la que se atopan

## CONTROL 2. DISPONIBILIDADE DE PAPELETAS ELECTORAIS

**LOREG 5/1985 Artigo 71.** 4. Os gobernos civís aseguran a entrega das papeletas e sobres no número suficiente a cada unha das mesas electorais, ó menos unha hora denantes do intre de inicio da votación.

**LOREG 5/1985. Artigo 84.** 4. Nembargantes o disposto no parágrafo dous deste artigo, o presidente deberá interrompi-la votación cando advirta a ausencia de papeletas de alguha candidatura e non poida suplila mediante papeletas subministradas polos apoderados ou interventores da correspondente candidatura. Nese caso dará conta da súa decisión á Xunta de zona para que esta provea o seu subministro. A interrupción non pode durar mais dunha hora e a votación prorrogarase tanto tempo, coma houber estado interrompida. Neste suposto non é de aplicación o parágrafo terceiro deste artigo.

- 2.1. ¿Dispónse de suficientes papeletas de tódalas opcións políticas que concorren ás eleccións? Si  No   
De non ser así, indica-las opcións que non se atopan.
- 2.2. ¿Están situadas todas elas de forma visíbel e/ou accesíbel? Si  No   
De non ser así, Indica-las opcións pouco visíbeis e/ou accesíbeis

## CONTROL 3 ACCESO PARA PERSOAS CON MINUSVALIAS

**R.D. 605/1999 de regulación complementaría dos procedementos electorais, artigo 1.** Locais utilizabeis nos procesos electorais 1. En todo proceso electoral, os locais nos que se verifique a votación haberán de reunir as condicións necesarias para tal fin, (...) e deberán ser accesíbeis ás persoas con limitacións de mobilidade.

- 3.1. ¿Permite a mesa electoral o acceso a persoas con minusvalias (rampas, barandillas...)? Si  No   
Indica-los medios estimados como no disponíbeis

## CONTROL 4. APODERADOS, INTERVENTORES E OUTRAS AUTORIDADES ELECTORAIS

**LOREG 5/1985. Artigo 144.** 1 Serán castigados coa pena de arresto maior ou multa de (...) quen cometa algun dos actos seguintes: a) Facer actos de propaganda unha vez rematado o prazo da campaña electoral. (...)

**LOREG 5/1985 Artigo 146.** 1. Serán castigados coa pena de arresto maior e multa de (...): a) Quen por medio de recompensas, dádivas, remuneracións ou promesas das mesmas, solicite directa ou indirectamente o voto de algun elector, ou lle induzan á abstención. b) quen con violencia ou intimidación presionen sobor dos electores para que non empreguen o seu dereito, o exerciten contra da súa vontade ou descubran o segredo do voto. c) Quen impida ou dificulte inxustificadamente a entrada, saída ou permanencia dos electores, candidatos, apoderados, interventores e notarios nos lugares nos que se realicen actos do procedemento electoral. 2. Incurrirán na pena sinalada no número anterior, e ademais, na inhabilitación especial para cargo público, os funcionarios públicos que empreguen ás súas competencias para alguns dos fins sinalados neste artigo.

- 4.1. ¿Apreciáronse medidas e actitudes sobor dos votantes similares ás descritas, co obxecto de conquistar que o votante revele o seu voto o que o mesmo se dirixa cara a unha opción determinada, ou cara a abstención? Si  No
- 4.2. ¿Hai outras persoas perto das mesas de papeletas namentres son empregadas polos votantes? Si  No   
Incluir o máximo posíbel de información sobor da identidade e filiación das persoas implicadas en 4.1 e/ou 4.2

Realizado por:

Sinatura:

DNI:

Data:

Realizar un control por duplicado para cada mesa electoral. Se non es votante desa mesa, representante acreditado (apoderado, interventor...) ou candidato de algunha formación política deberá solicitar permiso ó presidente da mesa para entrar nos locais de votación. Trate de cumprimentar con rigor cantos controis logre comprobar en cada mesa electoral. Deixe en branco aqueles nos que non conseqa verificar con seguridade e empregue follas anexas se fixera falla. Introduza a seguir os datos identificativos e os da mesa electoral, asine e entregue o documento a:

- Presidente da mesa electoral, solicitando que o adxunte ó acta da sesión.
- Xunta electoral de zona
- Por correo a: "accion troiana para a protección das liberdades políticas". Apdo. 36374. 28080 Madrid. Fax 704.600222